

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 1 de setembro de 2023 da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (subgrupo A2).

Mediante a Resolución do 23 de xuño de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública (DOG núm. 122, do 28 de xuño), aprobáronse as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (subgrupo A2), convocado pola Resolución do 22 de decembro de 2022 (DOG núm. 244, do 26 de decembro), modificada polas resolucións do 20 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 15, do 23 de xaneiro) e do 6 febreiro de 2023 (DOG núm. 26, do 7 de febreiro).

Unha vez transcorrido o prazo para a presentación das reclamacións sobre as ditas listaxes, de conformidade co artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e coa base I.4.2 das que rexen o proceso selectivo, esta dirección xeral

RESOLVE:

Aprobar as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (subgrupo A2), dos seguintes corpos/escalas ou especialidades:

Corpo/escalas
Corpo de xestión
I. Corpo de xestión da Administración xeral

CVE-DOG: j0m3tga0-enw5-dpo8-a7g8-s6aehwxxw1f7



Corpo/escalas
II. Escala de xestión de sistemas de informática
III. Escala técnica de finanzas
IV. Escala de inspectoras e inspectores de consumo
Corpo facultativo de grao medio
V. Escala de enxeñeiros técnicos: – Especialidade de enxeñaría técnica de obras públicas – Especialidade de enxeñaría técnica industrial – Especialidade de enxeñaría técnica forestal – Especialidade de enxeñaría técnica agrícola – Especialidade de enxeñaría técnica de minas – Especialidade de enxeñaría técnica en topografía
VI. Escala de arquitectos técnicos
VII. Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos: – Especialidade de arquivos – Especialidade de bibliotecas – Especialidade de museos
VIII. Escala de mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros: – Especialidade de servizos ao buque – Especialidade de máquinas e produción – Especialidade de traballos técnicos de mergullo
IX. Escala de axentes de extensión pesqueira
X. Escala de subinspección urbanística
XI. Escala técnica de facultativos: – Especialidade de enfermaría – Especialidade de fisioterapia – Especialidade de traballo social – Especialidade de terapia ocupacional – Especialidade de educador social – Especialidade de educador infantil
XII. Escala técnica de restauración: – Especialidade de bens artísticos e arqueolóxicos

As persoas aspirantes poderán consultar o estado das solicitudes de inscrición presentadas e a situación como admitidas ou excluídas a través do aplicativo FIDES (<https://fides.xunta.gal>).

A listaxe definitiva completa de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación, de ser o caso, da causa determinante da súa exclusión poderase consultar no portal web corporativo funcionpublica.xunta.gal

Así mesmo, e segundo a base I.4 das que rexen o proceso selectivo, nesta listaxe figurarán as persoas aspirantes que non acreditaron estar en posesión do Celga requirido, polo que terán que realizar a proba de coñecemento da lingua galega.



O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar no proceso selectivo, así como a posesión do Celga requirido. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación.

A Administración devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes, que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) das listaxes definitivas das persoas admitidas e excluídas.

Para iso será necesaria a presentación dun escrito dirixido á Dirección Xeral da Función Pública en que se solicite a devolución, e deberá incluír un número de conta bancaria na epígrafe expediente > datos persoais do aplicativo FIDES. A presentación deste escrito fóra de prazo ou a non inclusión dos datos bancarios na aplicación FIDES suporá a perda do dereito á devolución do importe ingresado.

Non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas solicitantes admitidas provisional ou definitivamente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Facenda e Administración Pública, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1 do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2023

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

